



SABOROSO SON DOS VERSOS SALGADOS

VOLUME I

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

IES ALEXANDRE BÓVEDA - VIGO

XUÑO 2014

As palabras son libres aquí e xalundes.

Os versos son bolboretas de emocións.

ÍNDICE

PENSAMENTOS NO BALCÓN.....	7
Antía Álvarez Pazó (2º ESO-B) 1º PREMIO	
UNHA TERRA IDEAL.....	8
Hugo Otero Prieto (2º ESO-B) 2º PREMIO	
CANDO PENSO.....	9
Violeta Rodríguez Villar (2º ESO-B) 3º PREMIO	
COMO SERÍA A VIDA PERFECTA.....	10
Sabela Fernández Rodríguez (2º ESO-B)	
EL ASOMOUSE Á VENTÁ.....	11
Ismael Jorge López (2º ESO-B)	
ÉRASE UNHA VEZ UN PARRULIÑO.....	12
Ana Davila López (2º ESO-B)	
EU SON O POLE.....	13
Lois Soengas Fernández (2º ESO-B)	
O VERÁN.....	14
Mateo Fernández-Espiña Álvarez (2º ESO-B)	
XENTE DIFERENTE, MESMA LINGUA.....	15
Pablo Gil Diéguez (2º ESO-B)	

Saboroso son dos versos salgados 2014

PENSAMENTOS NO BALCÓN

Antía Álvarez Pazó (2º ESO-B) 1º PREMIO

Como puido velar
aqueles ollos, luceiros
o manto do silencio
co seu po noxento.

Como puido apagar,
a tormenta da vida,
aquele belo sorriso
coa súa nube sombría.

Dende aquí, no meu balcón,
pregúntome como o silencio,
puido apagar dous corazóns,
que latexaban ao mesmo tempo.

Saboroso son dos versos salgados 2014

UNHA TERRA IDEAL

Hugo Otero Prieto (2º ESO-B) 2º PREMIO

Onde nacen os montes,
e o vento óuvease asubiar,
os ríos baten fortes,
e a terra está a terminar.

Tras mares feitos de area,
e desertos de auga azul,
atopase a miña aldea,
tras unha néboa de tul.

Unha terra sen mapas,
sen fronteiras que non poidas pasar,
onde non hai grandes trabas
que non poidamos superar.

Para ir á miña terra, busca!
Non cos ollos, co corazón.
Un lugar máxico, busca!
Mais non caias na desazón.

Saboroso son dos versos salgados 2014

CANDO PENSO

Violeta Rodríguez Villar (2º ESO-B) 3º PREMIO

Cando penso que xa non estás,
recordo cando aínda estabas
e volvo atrás no tempo
para estar contigo unha vez máis.

Para rir e xogar,
para abrazarte e cantar,
para volver pasar os mellores momentos
e para verte gozar.

Pero agora xa non estás
e é o recuerdo o que me fai pensar
nos momentos que tivemos
e que xa non terás.

Saboroso son dos versos salgados 2014

COMO SERÍA A VIDA PERFECTA

Sabela Fernández Rodríguez (2º ESO-B)

Cando te coñecín
souben que serías para min.
Preguntábame por que a vida era tan bela,
e agora o sei: porque ti estás nela.

Quixera ser o mar
e que ti foses a rocha,
porque ao subir a marea
bicaríate na boca.

Gardo a túa foto no meu cuarto,
cando pecho os ollos comezo a soñar.
Síntote tan preto... mais ao espertar
ti xa non estás.

Saboroso son dos versos salgados 2014

EL ASOMOUSE Á VENTÁ

Ismael Jorge López (2º ESO-B)

El asomouse á ventá,
ela tiroulle o cabelo.
El colleuno sen pensar,
e os dous sen parar caeron.

Están ben eses fíos de seda
que ao teu sorriso acompañan?
Se é que acaso algún che queda,
ou estás a quedar calva?

Non só iso, non o ves?
Arrincáchesme a pel,
estou máis branca ca un papel,
do sangue que derramei.

Xa o vexo, que desgraza!
Sen ti non podo vivir,
coma un gato nunha praza
sen rato ao que perseguir.

Síntome máis que fría
polo sangue que perdín.
Ti segue coa túa vida,
non te preocupes por min.

Nin de broma, amada mía.
Eu quero irme contigo.
Podes ti quitarme a vida?
É o último que te pido.

Saboroso son dos versos salgados 2014

ÉRASE UNHA VEZ UN PARRULIÑO

Ana Davila López (2º ESO-B)

Érase unha vez un parruliño,
o pobre era o máis feiño,
todos os seus irmáns
grandes e fortes en sans.
Ninguén quería ser o seu amigo,
pasaba as tardes no seu niño
esperando a chegada dos demais parruliños.

O pobre Timoteo
creceu e marchou do lago
e mentres buscaba centeo
escoitou un gorgolexo.

Unha linda *cisnesa*
linda coma unha princesa
achegóuselle contenta.

Ela demostroulle
que non importa a pose
nin o peteiro
nin o diñeiro.

Ela quíxoo
aínda feito un estropicio.

Saboroso son dos versos salgados 2014

EU SON O POLE

Lois Soengas Fernández (2º ESO-B)

Cando sopra o vento
vou contento.

Cando cae a choiva
e coma unha loita

Cando pasa a xente
voo diferente.

Se vai airexa
voo de présa.

A miña viaxe chega á súa fin
igual ca no meu maxín.

Cando chego ao meu destino
abrenme o camiño.

Saboroso son dos versos salgados 2014

O VERÁN

Mateo Fernández-Espiña Álvarez (2º ESO-B)

Ai! Que alegría cando vai sol.

Que cousa cando vai calor;

podes nadar no mar ou no río

sen pasar moito frío.

Cando cos teus amigos estás,

non tes que estudar

e o que te preocupa é xogar.

Falo das vacacións de verán

que todos están a esperar;

a estas alturas da primavera,

que ganas temos xa!

Saboroso son dos versos salgados 2014

XENTE DIFERENTE, MESMA LINGUA

Pablo Gil Diéguez (2º ESO–B)

Nas montañas rochosas e *verdescentes*,
vive xente con costumes semellantes.
Nelas nacen ríos de augas transparentes
que van ao mar para delicia dos navegantes

Uns viven preto do mar con seseo abundante;
outros nas montañas con gheada complacente;
e algúns vivimos na cidade cun acento diferente,
pero todos nos entendemos de maneira sorprendente.

Algunhas xentes non lle dan o valor e o idioma desprezan;
eles non nos coñecen e non comprenden
que o galego é tan grande
que ata os estranxeiros os abraia e os sorprende.



IES ALEXANDRE BÓVEDA

VIGO